

Terapia ocupacional



VICENTE ARAGUAS



...E OS DOMINGOS UN CROISSANT
URSULA HEINZE
Alvarellos Editora
13,50 euros

Os que andamos neste choio, marabilloso, por certo, de escribir, ben sabemos o que ten de medicina, de hixiene, de deporte máximo (para a mente, sen dúbida, mais tamén para o corpo; escriban unha novela, se é que poden, e logo falamos). Ollo, con isto non quero convidar a que todo dios publique, tal como está acontecendo hoxe. Eu falo de escribir como terapia persoal. Se a cousa paga a pena, publíquese. (Quen debe decidilo é tamén outra historia, supoño que o sentido común e unha preparación literaria, non sempre obvia nos escribidores, son os carreiros –con ou sen andadores– polos que deben moverse aqueles).

Dito isto, quero engadir que a literatura pode, e aínda debe, servir como terapia para certas doenzas, sobre todo as mentais. No senso dupro, de que o escritor (para o caso, de verdade, Ursula Heinze é “palabras maiores”) precisa dun choio diario no que desfogar mais tamén dun proceso liberador que axude a desbafar (que diría un portugués).

Por iso, no transcurso de dous meses en “La Robleda”, un lugar de repouso para xente con fírgoas na mente, fírgoas do tipo que sexan (e quen queira saber máis fágase co libro), Ursula Heinze foi desenguedellando un enguedello total que compón... e os domingos un croissant (Alvarellos Editora, Santiago de Compostela, 2015). Dietario ou

“Con nomes ficticios, mais con feitos ben reais, Úrsula Heinze deseña o espectáculo, mais tamén a intimidade cotián dunha reserva espiritual cael é unha clínica siquiátrica. E vendo semellante lucidez, e gañas de contar as cousas, como Heinze presenta...”

(supónse) tería levado a Úrsula Heinze a ese lugar. Onde vai atopar, dise no comezo, solución provisional ao seu problema, por máis que o que queda fóra siga aí, agardando pola escritora galego-tedesca. Prolífica, e ben coñecida no noso mundo literario como escritora e activista ou dinamizadora cultural, Úrsula cre saber o que acontece no seu cerebro. O por que da súa desafección con ela mesma. Mais non abunda, e por iso os médicos, a terapia (incluíndo a escritora) e este libro. No que sae toda unha caterva (de orates ou non) que terían posto moi contento a Cervantes, aquel grandísimo especialista en lunáticos e adláteres.

Con nomes ficticios, mais con feitos ben reais, Ursula Heinze deseña o espectáculo, mais tamén a intimidade cotián dunha reserva espiritual cal é unha clínica siquiátrica. E vendo semellante lucidez, e gañas de contar cousas, como Heinze presenta un ten o pálpito de que comeza estar definitivamente curada. Oxalá. Un aviso: o libro de Úrsula é tan peculiar que de ser de pouca calidade eu, sinceramente (e malia o afecto persoal que sinto por ela e seu home, sobranceiro profesor que fora meu de Lingüística) tería calado como un raposo. O paternalismo non me vai. En literatura, menos. Mais estamos diante dun libro grande, afoutado, que arrisca. E vence. E –ademais– convence. Parabéns, Úrsula, por non lle ter medo á vida, á túa, digo.

memoria deses sesenta días no satorium do Concello de Pino, a un pasiño de Santiago. Libro que se lé como unha novela, e valla o tópico, porque ten (como aconsellaban os vellos tratados de Preceptiva Literaria), exposición, no e desenlace. Desenlace provisional, xa se entende, a semellante enguedello, no que o morbo está ausente, por máis que fiquen no aire un enigmático “¿por que fixen o que fixen?”, razón que

máis Libros


O TEMPO DA GUERRA EN NEIRA VILAS

AQUELES ANOS DO MONCHO

XOSÉ NEIRA VILAS

Editorial Galaxia / 12 euros

Reedición dun clásico na obra de Neira Vilas que foi Premio da Crítica en España no ano 1977. Esta é unha historial longa contada en capítulos breves que, como tantas obras do de Vila de Cruces, ten un fondo alicerce biográfico e conforma a denominada triloxía do neno, xunto con “Memorias dun neno labrego” e “Cartas a Lelo”, novelas iniciáticas ou de formación que preceden ao ingreso do protagonista na idade adulta. Transcorre nunha aldea galega durante os anos da Guerra Civil. Todo xira arredor da existencia dun neno duns nove anos, cheo de curiosidade mais ao que lle custa entender o que acontece. Con todo, vai madurecendo e vai percibindo algo nese mundo a un tempo estreito e universal. Con tenrura e sinxeleza, Moncho vaíse achegando ao que sucede ata o punto de querer incorporarse a unha loita que está máis alá das súas posibilidades.



UN MODÉLICO ESTUDO DE HISTORIA LOCAL

O SEIXO. NA OUTRA BANDA DA BANDA DE FERROL. 1730-1930

BERNARDO MÁIZ VÁZQUEZ

Edicións Embora / 15 euros

O historiador mugardeés Bernardo Máiz está considerado como un dos máis brillantes cultivadores da historiografía local. Obras como “As embarcacións de pasaxe nas rías galegas (1573-2000)” e outras supoñen un fito no labor de dignificar o coñecemento do universal a través do local. Agora apunta o seu interese cara a súa propia vila, O Seixo (Mugardos), e ofrece unha fascinante peneira de datos e mostra o xeito de facer historia local e explicar o nacemento dun pobo que era paso marítimo cara a veciña Ferrol. Centrado no arco temporal de 1730 -ao abeiro da explosión da cidade naval-, ata antes da II República, Máiz dá conta con datos, fotografías, mapas e prensa do particular carácter e idiosincrasia desta fermosa vila.

